



2º BACHARELATO / SETEMBRO 2017-2018

CALENDARIO DE ENTREGA DE NOTAS, PRAZOS DE MATRÍCULA E RECLAMACIÓN:

→ **LUNS 3 e MARTES 4 SETEMBRO:** Exames de Recuperación.

→ **MÉRCORES 5 SETEMBRO. Entrega de notas e Reunión alumnado.**

- 11:30 h: Exposición das actas de avaliación no taboleiro de anuncios.
- 12:00 h: Entrega dos boletíns de notas por parte dos titores no salón de actos.
- 12:30 h: Reunión de todo o alumnado no salón de actos coa orientadora e xefa de estudos.
- 11:30-13:30 h: Revisións de exames e notas co profesorado.

RECLAMACIÓNS CUALIFICACIÓNS

MÉRCORES 5 E XOVES 6 SETEMBRO ata as 14:00 h. Reclamacións ás cualificacións no centro.

As reclamacións contra as cualificacións finais obtidas nas materias de segundo curso de bacharelato presentaranse por escrito dirixidas á Dirección. Collerase o formulario na Secretaría, cubrirase e entregárase de novo na Secretaría do centro.

XOVES 6 SETEMBRO ata as 18:00 h. Resolución e Notificación dos Departamentos ás reclamacións en Secretaría.

VENRES 7 SETEMBRO ata as 18:00 h. Reclamación ante a Comisión de Supervisión previa solicitude á dirección do centro nas 24 h seguintes á notificación da resolución polos departamentos no centro.

MARTES 11 SETEMBRO. Comunicación por correo electrónico da Consellería á CIUG e aos centros de Secundaria **do resultado das reclamacións ás cualificacións do Bacharelato.**

→ **XOVES 6 SETEMBRO. Solicitude Título e Pago de Taxas ABAU**

- **Secretaría:** Solicitar os formularios para o pago das taxas do título de Bacharelato e da matrícula nas ABAU.
- **Banco:** aboar as taxas do título e da matrícula ABAU.
- **Secretaría:** Entregar os impresos cubertos, os resgardos do banco e a documentación adxunta.

TAXAS TITULO BACHARELATO:

Tarifa normal:	50,82 EUROS
Familia numerosa categoría xeral:	25,44 EUROS
Familia numerosa categoría especial:	Gratuíta

Documentación a adxuntar:

Todos: fotocopia do DNI
Familia numerosa: fotocopia cotexada do título de familia numerosa

TAXAS ABAU:

Ordinaria	63,67 EUROS
Familia numerosa categoría xeral	31,84 EUROS

Gratuíta (Familia numerosa de honra, persoal universidades do SUG, persoas con discapacidade, vítimas de terrorismo ou violencia de xénero)

Documentación a adxuntar:

Todos: fotocopia do DNI
Familia numerosa: fotocopia cotexada do título de familia numerosa

→ **MARTES 29 MAIO. Reclamación listaxes provisionais matriculados.**

- **9:00-14:00h:** Reclamación nos centros de Secundaria ás listaxes provisionais de matriculados. O alumnado debe revisar os datos contidos na listaxe de matriculados que se fará pública no centro (a partir das 9:00), podendo interpoñer reclamación aos mesmos (ata as 14:00 horas).

→ **VENRES 7 SETEMBRO:** Pasar pola Secretaría do centro a recoller o Impreso definitivo da matrícula ABAU e o Historial Académico do Bacharelato.

- **09:00-14:00 h: MATRÍCULA ORDINARIA:** na proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á universidade nos centros de Secundaria, onde se entregará a cada solicitante un resguardo de matrícula e as instrucións sobre a aplicación NERTA. O código de acceso á aplicación NERTA



será remitido por e-mail xunto cos pasos a seguir para completar a activación da conta de usuario solicitada.

- Todas as contas de usuario de NERTA xestionaranse de maneira independente na aplicación <http://www.edu.xunta.es/contausuario>. Nesta aplicación o alumnado poderá activar a conta, cambiar o contrasinal, desbloquear a conta, etc.

- As incidencias que poidesen xurdir relativas a esta aplicación deberán dirixirse á Unidade de Atención a Centros (UAC) nos teléfonos 881997701 / 902905445.

- **Unha vez teñas activada a conta, para entrar na aplicación introduce o teu usuario (ueXXXX) e contrasinal, unha vez identificado como usuario, aparecerá o menú da aplicación: NERTA – Xestión do acceso ao Sistema Universitario de Galicia.**

- **A PARTIR DAS 14:00:** Consulta en NERTA das listaxes provisionais de matriculados nas ABAU.

→ **MARTES 11 SETEMBRO. MATRÍCULA EXTRAORDINARIA** para alumnado que aprobe 2º Bacharelato na convocatoria de xuño despois da resolución das reclamacións pola Comisión de Supervisión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

→ **EXAMES ABAU: MÉRCORES 12, XOVES 13, VENRES 14 SETEMBRO.**

- **LUGAR:** C.D. N°2 Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Santiago). Campus Universitario Norte, Avda. Xoan XXIII.

- **HORARIO DOS EXERCICIOS (Anexo).**

- **Todo o alumnado deberá acudir á presentación o primeiro día ás 9:00 horas e logo presentarse á realización dos exercicios á hora convocada para o comezo de cada un deles.**

- **Alumnado provisto de DNI ou pasaporte, bolígrafo e material axeitado para proba de debuxo, así como de dicionarios para latín e grego.**

- **Non está permitido a asistencia ao lugar dos exames con teléfonos móbiles nin outros dispositivos electrónicos, excepto calculadoras non programables e sen capacidade gráfica. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de medida disciplinaria.**

→ **XOVES 20 SETEMBRO (a partir das 20:00 horas).** Publicación en Internet das cualificacións provisionais obtidas nas probas ABAU.

→ **LUNS 24 A VENRES 28 SETEMBRO.** Solicitud Ordinaria de Admisión (Preinscripción) para cursar ensinanzas universitarias de Grao no SUG. Esta solicitude poderase facer a través da aplicación NERTA, non sendo preciso neste caso a entrega da mesma nos LERD.

RECLAMACIÓNS E SEGUNDA CORRECCIÓN

- **VENRES 21 A LUNS 24 SETEMBRO (ata as 14:00 horas do día 24):** Solicitudes de **segunda corrección e reclamación** ás cualificacións da proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á universidade. A través de NERTA ou nos LERD (co código de acceso).

O alumnado non poderá presentar simultaneamente solicitude de dobre corrección e solicitude de reclamación sobre unha mesma materia.

a) RECLAMACIÓN: os exercicios sobre os que se presente a solicitude de reclamación serán revisados por un profesor/a especialista distinto ao que realizou a primeira corrección. A cualificación definitiva da materia será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior á outorgada na primeira corrección, agás nos casos de erros de suma no que a cualificación será a que resulte correcta. A publicación de dita cualificación será o **25 SETEMBRO**.

b) SEGUNDA CORRECCIÓN: os exercicios serán corrixidos por un profesor/a especialista distinto ao que realizou a primeira corrección. A cualificación será a media aritmética de ambas correccións, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta e non a media aritmética. Este procedemento efectuarase no prazo máximo de **5 DÍAS HÁBILES**.

- **MÉRCORES 26 A VENRES 28 SETEMBRO ata as 14:00h :** Reclamación á Segunda Corrección (**segundo prazo**). A publicación de dita cualificación farase o **LUNS 1 OUTUBRO**.

- **MARTES 2 OUTUBRO:** Solicitud Extraordinaria de Admisión (Preinscripción) en titulacións do SUG para o alumnado que aprobe a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade despois da reclamación á segunda corrección.